Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2019

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. Ao longo do ano 2019 continúa o proceso de desaceleración do ritmo de crecemento da economía galega, que se sitúa por lixeiramente por baixo do crecemento da economía española. No segundo trimestre, o PIB medrou en Galicia un 2% en taxa interanual, fronte ao 2,3% da economía española. Porén, é certo que no mes de setembro o INE publicou unha revisión dos datos que reduce esta última cifra. Agardando que o IGE faia previsiblemente a súa propia revisión antes de fin de ano, neste informe optamos por tomar como referencia central as cifras orixinais do INE nas comparacións Galicia-España. En todo caso, con ou sen revisión, o crecemento en Galicia e en España segue sendo significativamente superior ao experimentado polo conxunto dos países da Unión Europea e da zona euro (1,4% e 1,2%, respectivamente), polo que se avanza no proceso de converxencia activa retomado coa recuperación económica.

2. No último trimestre semella confirmarse o cambio no patrón de crecemento agregado do PIB da economía galega, que nos últimos cinco trimestres presenta tan só achegas positivas da demanda interna. A súa contribución ascende a 3,3 puntos no último trimestre, que é o valor máis elevado dende o terceiro trimestre de 2007. Entre os seus compoñentes cómpre salientar o forte impulso do gasto en consumo das familias (3,5% respecto ao ano anterior), así como unha moderación no incremento do investimento, aínda que segue a ser a variable con maior dinamismo (4,1%). Asemade, o consumo público medra un 2,8%, cando no trimestre anterior reducírase un 0,3%. Comparado co estimado no conxunto da economía española, os tres compoñentes presentan en Galicia un mellor comportamento.

3. Por contra, a demanda externa detrae 1,3 puntos ao crecemento do PIB no segundo trimestre do ano, o que contrasta coa achega positiva de sete décimas no conxunto de España (1 punto segundo a última revisión). Dende o ano 2005 Galicia non encadeaba cinco trimestres consecutivos con achegas negativas do sector exterior. O cadro macroeconómico reflicte que por terceiro trimestre consecutivo contráense tanto as exportacións como as importacións, descendendo as vendas fóra de Galicia un 8,6% e as compras un 6,6%. Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, as exportacións descenden no segundo trimestre un 10,5% impulsadas pola caída do 30,7% no sector do automóbil e do 41,6% no enerxético. O importe total das exportacións representan o 32,1% do PIB galego, porcentaxe que se sitúa aínda lonxe do obxectivo do 40% fixado para o ano 2020. Tras a caída nun 5,3% do valor das importacións, o saldo positivo da balanza de pagos redúcese ata os case 575 millóns de euros.

4. Dende o punto de vista da oferta o aspecto máis destacado é a contracción, por segundo trimestre consecutivo, do sector industrial no seu conxunto e da industria manufactureira en particular. No segundo trimestre do ano a industria manufactureira contráese un 0,8% (-1,8% no trimestre anterior) cando no conxunto do Estado este subsector medra un 0,1% segundo os datos publicados en xullo (na revisión de setembro a industria manufactureira contráese un 0,4% e no primeiro trimestre permanece constante). Os outros tres grandes sectores presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento interanual, manténdose a construción como o de

maior crecemento, cunha medra interanual do 5,5%, dúas décimas menos que no trimestre anterior. O sector servizos medra un 2,8% fronte ao 3,7% do trimestre anterior, mentres que o sector primario presenta un incremento do 0,2% (1,1% no mesmo período do ano anterior).

5. No actual escenario de moderación no ritmo de crecemento económico, os grandes agregados do mercado de traballo galego manteñen unha tendencia razoablemente positiva atendendo á evolución da ocupación e á caída do desemprego, especialmente significativo no caso do paro de longa duración. Os tres indicadores de emprego (EPA, afiliacións e emprego equivalente a tempo completo) presentan nos últimos catro anos e medio taxas de crecemento positivas ao mesmo tempo que se reduce o desemprego rexistrado e o estimado na EPA. Esta evolución positiva trasládase aos fogares, rexistrándose un descenso do número de fogares onde todos os seus activos permanecen en situación de desemprego así como un incremento daquelas vivendas onde todos os seus activos son ocupados.

6. No segundo trimestre do ano a poboación ocupada segundo a EPA medra un 2,1% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, en tanto que as afiliacións aumentan un 1,9% e os postos de traballo equivalente a tempo completo (contas económicas) un 0,9%. Doutra banda, o paro estimado descende un 19,8%, o descenso máis acusado dende o ano 2006, e o paro rexistrado no servizo público de emprego, un 8,8%. Mentres que os datos de crecemento de emprego son inferiores á media estatal, Galicia sitúase como a terceira Comunidade Autónoma con maior caída da súa poboación parada tras Navarra e Cantabria. O bo comportamento do mercado de traballo reflíctese tamén no descenso da taxa de paro, que se sitúa no 11,3%, a porcentaxe máis baixa dende finais de 2008.

7. No eido da ocupación cómpre resaltar que a pesar da contracción experimentada na xeración do veb na industria manufactureira, esta presenta no segundo trimestre do ano un incremento do número de persoas ocupadas no sector. O emprego medra un 5,5% respecto ao ano anterior (8.500 persoas) impulsado pola industria da madeira, cun incremento do 25,7% (3.600 persoas) e a metalurxia e a fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais, con aproximadamente 2.500 persoas máis (8,5% e 6,7%, respectivamente). Doutra banda, cómpre mencionar que o número de asalariados medra tanto no caso dos asalariados temporais como asalariados con contrato indefinido, sendo máis acusado no caso dos indefinidos (1.400 e 9.400 persoas máis, respectivamente). Deste xeito, redúcese a taxa de temporalidade que se sitúa no 26,7%, unha décima menos que no ano anterior.

8. Con todo, no actual contexto económico persisten os elementos preocupantes sinalados en informes anteriores. Nomeadamente, pódense destacar a continua caída da poboación activa, especialmente grave no caso da poboación de 25 a 34 anos (25% dende o primeiro trimestre de 2014); a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española; as reducidas taxas de ocupación e actividade en comparación co resto das CC.AA.; ou o elevado peso, a pesar da súa evolución positiva, da xornada a tempo parcial por motivo de non poder atopar un traballo a xornada completa (53,8%).

CONTIDOS

ANÁLISE CONXUNTURA:

1 . Contas económicas.
2 . Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Setembro de 2019

ANÁLISE DE CONTAS


1- CONTAS ECONÓMICAS 2º TRIMESTRE 2019. UN NOVO PATRÓN DE CRECEMENTO

Influenciado en grande parte pola incerteza política, as tensións comerciais e a evolución da economía alemá, a actividade económica en Galicia continúa no segundo trimestre do ano cunha ralentización no seu ritmo de crecemento, manténdose este por baixo da media española. En termos interanuais, o PIB galego en termos reais medra un 2%, sendo esta porcentaxe do 2,3% en España (estimacións xullo). En termos intertrimestrais, o incremento do PIB foi do 0,3% en Galicia fronte ao 0,5% rexistrado para o conxunto do Estado.

Os datos do crecemento agregado do PIB neste segundo trimestre confirman un cambio no patrón de crecemento, caracterizado polo impulso da demanda interna así como pola achega negativa da demanda externa por quinto trimestre consecutivo. No último trimestre a demanda interna contribúe ao crecemento agregado do PIB con 3,3 puntos, o valor máis elevado dende o terceiro trimestre de 2007. En termos de crecemento cómpre mencionar o acusado dinamismo do consumo final das familias, que medran un 3,5% respecto ao ano anterior, o que supón o ritmo máis acusado dende o cuarto trimestre de 2004, así como a desaceleración experimentada polo investimento. No que á demanda externa se refire, por terceiro trimestre consecutivo contráense tanto as exportacións como as importacións, sendo especialmente significativas as caídas no segundo trimestre de 2019. Polo lado da oferta, o aspecto máis salientable foi a contracción, por segundo trimestre consecutivo, do sector industrial no seu conxunto, e da industria manufactureira en particular o que contrasta co incremento rexistrado en España (estimacións xullo)

A ralentización no ritmo de crecemento experimentada pola economía galega reflíctese nunha medra interanual do 2% no segundo trimestre do ano, nove décimas menos que o estimado no mesmo período do ano anterior, o que a sitúa coma a taxa máis reducida dende o primeiro trimestre de 2015. No conxunto da zona euro o crecemento do PIB foi do 1,2%, e na UE-28 do 1,4%, polo que se mantén o proceso de converxencia coa media europea retomado co inicio da recuperación económica. Entre as principais economías cómpre resaltar a importante desaceleración de economía alemá, que presenta unha medra do 0,4% (medio

Evolución do PIB real no conxunto da zona euro e nas principais economías europeas, 2016-2019



Fonte: Eurostat


punto menos que no trimestre anterior), así como unha nova contracción en Italia (-0,1%).

En termos intertrimestrais, cómpre destacar a contracción da economía alemá (-0,1%), o que a sitúa ao borde da recesión. Asemade, tanto o conxunto dos países da zona euro como Italia presentan unha desaceleración, mantendo Francia o ritmo de crecemento do trimestre anterior.

A diferencia do acontecido na com-

parativa coas principais economías da zona euro, Galicia presenta por segundo trimestre consecutivo unha taxa de crecemento inferior ao da economía española. No segundo trimestre do ano o ritmo de crecemento do PIB galego sitúase no 2%, tres décimas menos que no trimestre anterior, situándose o crecemento medio da economía española no 2,3% (2,4% no primeiro trimestre). A análise da evolución do PIB en termos intertrimestrais reflicte tamén a devandita desaceleración da economía galega, que no segundo trimestre do ano presenta un incremento da súa actividade económica do 0,3% respecto ao trimestre anterior, o valor máis reducido dende o segundo trimestre de 2014 (0,1%). Esta medra sitúase no 0,5% en España, dúas décimas menos que no primeiro trimestre.


Evolución do PIB real en Galicia e España, 2012-2019



Fonte: INE e IGE

O gráfico seguinte presenta as variación do ritmo de crecemento da economía española entre as estimacións de xullo e as publicadas en setembro. A segunda recesión foi menos intensa e a recuperacón máis acusada, se ben as previsións son inferiores nos últimos trimestres, medrando o PIB español un 2,1%, duas décimas menos que o estimado en xullo para o 2º trimestre

Evolución do PIB real en España 2012-2019. Previsións de xullo e setembro




Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

O segundo trimestre do ano caracterízase polo forte impulso da demanda interna, que constitúe novamente o motor de crecemento da economía galega. A súa achega positiva ao crecemento agregado do PIB en termos reais ascendeu a 3,3 puntos, o valor máis elevado dende o terceiro trimestre de 2007. Por contra, o saldo exterior neto encadea cinco trimestres cunha achega negativa, feito que non acontecía dende o ano 2005 (entre o primeiro trimestre de 2002 e o segundo de

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2018-2019




Fonte: IGE e INE

2005). No segundo trimestre do ano a demanda externa detrae 1,3 puntos porcentuais ao crecemento do PIB. Comparado co rexistrado no conxunto do Estado, a demanda interna presenta, ao igual que nos dous trimestres anteriores, unha contribución superior á estimada en España (1,6 puntos porcentuais) ao contrario do que acontece coa demanda externa, que no conxunto do Estado presenta unha achega positiva de sete décimas.

A modo de información o gráfico amosa as diferencias no crecemento segundo as devanditas previsións do PIB ven motivado por unha achega de 1,1 puntos da demanda interrna e un punto da demanda demanda externa. Entre os compoñentes da demanda interna cómpre resaltar en primeiro lugar, a acusada desaceleración do investimento, medido en termos de formación bruta de capital. No segundo trimestre do ano 2019, a taxa de crecemento interanual do investimento en Galicia foi do 4,1%, cando no trimestre anterior esta porcentaxe ascendía a 6,5%. Por contra, o gasto en consumo final presenta un importante dinamismo ao medrar un 3,3% respecto ao mesmo período do ano anterior, nove décimas por riba do experimentado no primeiro trimestre. Esta aceleración explícase polo incremento do 3,5% do gasto das familias, así como polo incremento do consumo das administracións públicas, que tras o descenso experimentado no primeiro trimestre, medra un 2,8% respecto ao segundo trimestre do ano precedente.

En comparación coa evolución destes

Achega da demanda interna e externa en España 2018-2019. Previsións de xullo e setembro.




Cadro macroeconómico de Galicia 2017-2019. Taxas de variación interanual.

%

	2017	2018	2018/I	2018/II	2018/III	2018/IV	2019/I	2019/II
Produto Interior Bruto	3,2	2,8	3,1	2,9	2,5	2,6	2,3	2,0
Demanda								
Gasto en consumo final	1,6	2,2	2,4	2,1	2,0	2,3	2,4	3,3
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	1,3	2,3	2,4	2,1	2,2	2,7	3,4	3,5
AA. Públicas	2,4	1,8	2,4	2,1	1,3	1,2	-0,3	2,8
Formación Bruta de Capital	5,5	7,0	6,4	8,7	7,1	6,0	6,5	4,1
Achega demanda interna ao PIB	2,2	2,9	2,9	3,1	2,7	2,8	3,0	3,3
Exportacións	5,0	3,4	7,1	4,3	4,4	-2,1	-7,1	-8,6
Importacións	3,2	3,9	7,3	5,2	5,2	-1,9	-6,2	-6,6
Achega demanda externa ao PIB	1,0	-0,1	0,2	-0,2	-0,2	-0,2	-0,7	-1,3
Oferta								
Sector primario	1,9	0,9	0,8	1,4	0,8	0,9	1,1	0,2
Industria	3,2	3,8	7,3	3,8	2,1	2,2	-3,3	-2,1
Industria manufactureira	4,9	2,8	5,4	3,7	1,5	0,9	-1,8	-0,8
Construción	6,7	6,1	5,5	6,2	6,8	5,8	5,7	5,5
Servizos	3,1	2,5	2,0	2,6	2,5	2,7	3,7	2,8
Comercio, transporte e hostalería	5,1	3,4	2,7	3,7	3,3	4,2	6,1	3,8
Información e comunicacións	7,8	2,6	2,5	4,4	2,9	0,8	1,9	-0,3
Actividades financeiras e de seguros	1,0	2,0	0,8	0,7	2,3	3,8	3,8	6,0
Actividades inmobiliarias	0,4	0,6	0,1	0,7	0,9	0,6	1,1	0,8
Actividades profesionais	3,9	4,4	3,4	4,5	4,9	4,7	4,3	2,9
Administración pública, sanidade e educación	2,0	2,0	2,1	2,0	2,1	1,5	2,7	3,0
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,2	0,3	0,3	0,4	0,3	0,3	0,2	0,2

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España segundo trimestre 2019. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

indicadores na economía española, todos os compoñentes da demanda interna presentan un mellor comportamento que no conxunto do Estado. Dunha banda, o gasto en consumo final galego case duplica o experimentado pola economía española, cunha medra do 1,7%. Entre os seus compoñentes, o gasto das familias medra un 1,7% e o gasto público un 1,9%. Doutra banda, o investimento presenta en España unha taxa de variación interanual do 1,2%, case tres puntos inferior ao rexistrado na economía galega. No último trimestre o gasto en consumo final das administracións presenta un incremento inferior ao reflectido nas contas económicas de Galicia (1,9% e 2,8%, respectivamente). No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte a súa achega negativa ao crecemento agregado do PIB por quinto trimestre consecutivo, do que se desprende a actual febleza do sector exterior galego. No segundo trimestre de 2019 a demanda externa detrae 1,3 puntos ao crecemento do PIB, seis décimas máis que no trimestre anterior, cando no conxunto do Estado acada unha contribución positiva nos dous trimestres de 2019 (sete décimas no segundo trimestre). Por terceiro trimestre consecutivo Galicia presenta unha contracción tanto das exportacións como das importacións, presentando no segundo trimestre de 2019 as taxas de variación interanual máis elevadas. No último trimestre as exportacións reducíronse un

8,6% en relación ao ano anterior, punto e medio superior ao rexistrado no trimestre anterior, en tanto que as compras fóra de Galicia o fixeron nun 6,6% (-6,2% no trimestre anterior). Por contra, no conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron segundo as estimacións de xullo, unha medra do1,7%, fronte ao descenso do 0,3% experimentado polas importacións.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas entre abril e xuño presenta unha contracción do 10,5% respecto ao ano anterior, motivado en boa medida pola caída nun 30,7% nas vendas exteriores do sector do automóbil (369,2 millóns de euros) e do 41,6% no dos produtos enerxéticos (211,5 millóns de euros menos). No segundo trimestre do ano as exportacións acadan un valor de 5.354 millóns de euros, o que representa o 32,1% dos PIB galego, porcentaxe sensiblemente por baixo do obxectivo do 40% establecido pola Xunta para o ano 2020. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 7% do total estatal (8,2% ao comezo da crise económica). Tendo en conta que as importacións galegas, tras unha caída do 5,3% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadan un importe de 4.780 millóns de euros, o saldo positivo da balanza comercial galega redúcese ata os 574 millóns de euros (933,5 millóns no mesmo período do ano precedente).


O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, o sector téxtil-confección, tras unha medra do 11,5% respecto ao mesmo período do ano anterior, vendeu ao exterior produtos por valor de 1.464,6 millóns de euros, o que representa o 27,4% das exportacións galegas. Doutra banda, o importe das vendas do sector do automóbil reduciuse de xeito considerable, acadando os 831,7 millóns de euros, un 30,7% menos que no segundo trimestre do ano anterior. O seu peso relativo nas exportacións galegas descende ata o 15,5% do total galego. En conxunto, ambas actividades concentran o 42,9% das exportacións galegas. Como se reflicte no gráfico seguinte, ambos sectores presentan unha evolución dispar, xa que mentres o peso relativo do sector téxtil presenta unha acusada tendencia crecente, o sector do automóbil reduce o seu peso no importe total das exportacións galegas.


No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores no segundo trimestre de 2019, o subsector téxtil-confección mantense como o sector co saldo positivo máis elevado, con 1.027,7 millóns de euros (un 10,1% superior ao do ano anterior), en tanto que o sector do automóbil máis que duplica o saldo deficitario rexistrado no segundo trimestre do ano anterior. No segundo trimestre de 2019, o saldo negativo da balanza comercial do sector do automóbil ascende a 526,5 millóns de euros fronte aos 244,8 millóns do ano anterior (115,1% superior).

Ademais da devandita concentración sectorial, cabe insistir na aínda elevada concentración xeográfica. Neste senso, o conxunto dos países da UE-28 representan no segundo trimestre de 2019 o 77,6% das exportacións galegas, 1,2 puntos superior á do ano anterior, a porcentaxe máis elevada dende 2009. Fran-

cia e Portugal seguen sendo os principais clientes das empresas galegas ao acoller o 18,6% das vendas ao exterior e o 14,8%, respectivamente. Dez anos antes, Francia concentraba o 39,6% das exportacións galegas, presentando Portugal unha porcentaxe similar (14,6%). Como se aprecia no cadro seguinte, os sete países máis importantes onde se dirixen as vendas das empresas galegas son países comunitarios, concentrando o 63,5% do valor total das exportacións.


Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2º trimestre 2009-2019.





Fonte: ICEX

Exportacións galegas no segundo trimestre 2009 e 2019. Distribución sectorial e xeográfica



Fonte: ICEX

AGREGADOS DA OFERTA


Dende o punto de vista sectorial o aspecto máis importante neste segundo trimestre do ano é a nova contracción experimentada pola industria manufactureira. Por segundo trimestre consecutivo redúcese o ritmo de crecemento do subsector industrial manufactureiro, que se contrae un 0,8% respecto ao segundo trimestre do ano anterior (-1,8% no primeiro trimestre do ano). Esta caída contrasta coa medra experimentada na economía española, onde o sector manufactureiro crece un 0,1% (estimación de xullo). A pesar da devandita caída, os servizos vinculados ás actividades profesionais, científicas e técnicas medran en Galicia un 2,9%, o que supón o menor ritmo de crecemento dende o segundo trimestre de 2014. No conxunto do Estado, esta rama de actividade presenta un crecemento do 5,2% respecto ao ano anterior (estimación de xullo).

Ao mesmo tempo, o valor engadido bruto xerado polo sector industrial galego considerado no seu conxunto (industria manufactureira, enerxía e industria extractiva) contráese no segundo trimestre do ano un 2,1% (-3,3% no trimestre anterior), o que contrasta co incremento do 0,1% rexistrado en España reflectivo polo INE en xullo.

Doutra banda, a construción rexistra novamente unha lixeira moderación no seu ritmo de crecemento, presentando unha taxa de variación interanual do 5,5%, dúas décimas menos que no trimestre anterior. Con todo, este sector mantense como o sector cun maior dinamismo. No conxunto do Estado o ritmo de crecemento interanual deste sector mantense por riba do galego, presentando no segundo trimestre de 2019 unha medra do 5,8% (previsións de xullo)

Motivado en grande medida pola significativa desaceleración da actividade de comercio, transporte e hostalería, o sector servizos presenta no último trimestre unha taxa de variación interanual do 2,8%, porcentaxe que ascendía ata o 3,7% no trimestre anterior. O veb xerado en Galicia polo subsector de transporte, comercio e hostalería medra no último trimestre un 3,8% máis de dous puntos por baixo do estimado no trimestre anterior (6%). Os datos presentados polo INE en xullo indican que na economía española, tanto o sector servizos, no seu conxunto, como o subsector do comercio, transporte e hostalería presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento, se ben esta é menos acusada que en Ga-

Produto Interior Bruto en Galicia e España no 2º trimestre de 2019: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE


licia (medran un 2,9% cando no trimestre anterior esta taxa de crecemento sitúase no 3,1% e 3,9%, respectivamente).

Por último, o sector primario medra fun 0,2% en Galicia, o que contrasta coa caída do 1,7% no conxunto do Estado.

Tras esta evolución, o 25,5% do veb xerado en Galicia corresponden ás actividades de comercio, transporte e hostalería, fronte ao 19,1% das administracións públicas, sanidade e educación, e o 13,7% da industria manufactureira. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, xeran o 5,9% do veb galego.

Como se aprecia na figura seguinte, den-

Estrutura produtiva de Galicia no segundo trimestre de 2008, 2014 e 2019 (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

de o comezo da recuperación en 2014 continúa o incremento do peso relativo do sector servizos (sete décimas máis), influenciado especialmente polo comportamento do comercio, transporte e hostalería (1,9 puntos máis que en 2014). A construción presenta un incremento de oito décimas, en tanto que a industria manufactureira permanece practicamente constante (tan só aumenta nunha décima), polo que hai que insitir na convenencia de incidir na necesidade dunha análise exhaustiva e detallada que explique esta evolución, así como replantear a política industrial e os seus instrumentos, ou as políticas de estímulo e impulso da I+D+i, cuxo esforzo investidor (0,94% do PIB) atópase moi lonxe do obxectivo fixado no Plan Estratéxico de Galicia para o ano 2020 (1,7%) e do obxectivo comunitario (3%).

Con todo, se a comparación se fai coa estrutura produtiva existente antes da crise económica, rexístrase unha medra importante das actividades de comercio, transporte e hostalería (22,6% en 2008), producíndose unha forte caída do peso relativo no caso da construción (12,1% en 2008) así como unha redución da industria manufactureira, que supuña o 16,1% do veb galego ao comezo da crise.


Produtividade aparente do traballo

A modo de conclusión cómpre facer referencia á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT), que continúa sendo un dos problemas máis importantes da economía galega. A partir dos datos recollidos nas contas trimestrais, se pode realizar unha aproximación á produtividade a través de dous indicadores complementarios: o cociente entre o PIB e o número de postos de traballo equivalente a tempo completo, e a relación entre o PIB e o número de horas traballadas.

O primeiro elemento que se pode destacar é que ambos os dous indicadores manteñen unha evolución positiva no período de tempo considerado, se ben están por baixo da media española. Se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón no segundo trimestre de 2019 o 97% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 87,3% do ano 2008 e o 89,4% de 2013. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe é do 91,9% no segundo trimestre de 2019 fronte ao 81,8% de 2008 (83,3% en 2013).

En termos monetarios (prezos correntes), o PIB galego medrou no segundo trimestre do ano, medrou un 2,9% en Galicia, catro décimas menos que no conxunto do Estado, en tanto que o número de postos de traballo e de horas traballadas aumentaron en Galicia un 0,9%. Deste xeito a produtividade mellorou un 2% en Galicia, porcentaxe superior ao do conxunto do Estado dado o maior dinamismo do mercado de traballo en España (a produtividade medra 0,8% en termos de postos de traballo equivalente e 1,9% en termos de horas traballadas).

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia 2008, 2013, 2018 e 2019 (España = 100)




Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

Como segundo elemento a destacar, cómpre insistir novamente na baixa produtividade da industria manufactureira en comparación co acontecido no conxunto da economía española. Este é un factor preocupante se se ten en conta a importancia do sector industrial na definición dun modelo de crecemento estable a medio e longo prazo. Tras o descenso da produtividade na industria manufactureira en Galicia, a PFT medida en termos de traballo equivalente a tempo completo sitúase no 79,7% do valor español (80,5% se se mide en termos de horas traballadas).

No segundo trimestre de 2019 tanto o sector primario como o conxunto dos servizos presentan unha produtividade igual ou superior á media estatal, en termos de PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo, en tanto que no caso da produtividade por hora traballada, esta situación tan só se produce no caso da construción.

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia e España no segundo trimestre 2007-2019
(PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

2- MERCADO DE TRABALLO: A MESMA TENDENCIA EN DISTINTO ESCENARIO

A pesar da ralentización económica, o mercado de traballo galego mantén a súa tendencia razoablemente positiva dos últimos trimestres atendendo á evolución dos grandes agregados da ocupación e á caída do desemprego, especialmente importante no caso do paro de longa duración. No eido da ocupación, salienta o incremento da poboación ocupada na industria manufactureira a pesar da contracción económica experimentada no primeiro semestre do ano; o acusado incremento da poboación ocupada por conta propia en comparación coa media estatal, a caída do emprego asalariado no ámbito público en Galicia (medra conxunto do Estado) ou o maior incremento do emprego asalariado no sector privado en comparación co acontecido en España. Asemade, descende a temporalidade por mor do incremento do 1,5% dos asalariados indefinidos (0,6% nos temporais). No concernente ao desemprego, xunto á redución da taxa de paro ata o 11,3%, a porcentaxe máis baixa dende o cuarto trimestre de 2008, cómpre resaltar que no segundo trimestre do ano Galicia sitúase como a terceira comunidade autónoma con maior descenso do paro en termos relativos. No último trimestre continúa o acusado descendo do número de fogares con todos os seus activos parados.

Con todo, no actual contexto de moderación no ritmo de crecemento da actividade económica, persisten elementos preocupantes como a continua caída da poboación activa, especialmente grave no caso da poboación de 25 a 34 anos (25% dende o primeiro trimestre de 2014), a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española, as reducidas taxas de ocupación e actividade en comparación co resto das CC.AA., ou o elevado peso, a pesar da súa redución, da xornada a tempo parcial por motivo de non poder atopar un traballo a xornada completa (53,8%).

Poboación activa

A poboación activa galega experimenta no segundo trimestre do ano un descenso de 11.700 persoas en relación ao mesmo período do ano anterior, para situarse nas 1.239.100 persoas. En termos de variación interanual, o número de activos reduciuse


Principais datos do mercado de traballo no segundo trimestre 2014-2019


Miles de persoas	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2019 / 2018 milles personas	2019 / 2018 %
Poboación maior de 16 anos	2.369,1	2.360,2	2.349,5	2.343,9	2.333,5	2.334,3	0,8	0,0
Poboación activa	1.275,8	1.262,4	1.256,9	1.250,3	1.250,8	1.239,1	-11,7	-0,9
25 - 34 anos	290,1	274,6	256,3	242,9	232,3	223,4	-8,9	-3,8
Poboación ocupada	991,5	1.009,9	1.034,0	1.048,9	1.075,8	1.098,8	23,0	2,1
Conta propia	218,3	216,4	222,5	227,2	210,5	222,6	12,1	5,7
Conta allea	772,9	793,2	810,9	821,3	865,3	876,2	10,9	1,3
Outra situación	0,3	0,3	0,7	0,3	0,0	0,0	0,0	
Poboación parada	284,3	252,5	222,9	201,5	175,0	140,4	-34,6	-19,8
Parado longa duración	153,0	138,7	118,2	103,2	80,9	56,0	-24,9	-30,8
Poboación inactiva	1.093,3	1.097,8	1.092,5	1.093,6	1.082,7	1.095,2	12,5	1,2
Taxa de actividade	53,9%	53,5%	53,5%	53,3%	53,6%	53,1%		
Taxa de ocupación	41,9%	42,8%	44,0%	44,8%	46,1%	47,1%		
Taxa de paro	22,3%	20,0%	17,7%	16,1%	14,0%	11,3%		
Taxa de temporalidade	23,8%	25,0%	25,8%	27,2%	26,8%	26,7%		
Afiliacións (media trimestral)	914,0	935,3	948,8	970,0	997,7	1.016,5	18,8	1,9
Paro rexistrado (media trimestral)	262,0	236,9	218,6	198,0	176,4	160,8	-15,6	-8,8

un 0,9%, a caída máis acusada nun segundo trimestre dende o ano 2015 (-1,1%), o que contrasta co incremento do 0,9% estimado no conxunto do Estado. Moito máis acusada segue a ser a redución da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, que descende un 3,8% respecto ao mesmo período do ano anterior en Galicia fronte á caída do 0,8% en España, polo que é necesario insistir na necesidade de por en macha medidas específicas para reverter esta situación. A diferencia do acontecido no caso da poboación activa total, esta é a caída menos acusada nun segundo trimestre dende 2011 (-1,3%). No segundo trimestre do ano Galicia conta con 223.400 persoas activas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, o que supón unha caída de 8.900 persoas respecto ao segundo trimestre do ano precedente. Se se considera un horizonte temporal máis amplo, dende o comezo da recuperación económica no 1º trimestre de 2014, a poboación activa galega con idades comprendidas entre 25 e 34 anos descendeu en 74.400 persoas, o que supón unha caída do 25%, porcentaxe tan só por baixo do rexistrado en Asturias, cun 32%, e Cantabria, cun 25,9% (no conxunto do Estado a caída é do 16,2%).

A taxa de actividade, que relaciona a poboación activa coa poboación maior de 16 anos, sitúase no segundo trimestre de 2019 en Galicia no 53,1%, medio punto porcentual por baixo do estimado no mesmo período do ano anterior, aumentando o diferencial con respecto á media española (58,7% no segundo trimestre do ano e 58,5% no primeiro). En relación ao resto das CC.AA. Galicia mantense como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tan só por diante de Asturias (50,8%).

Evolución da poboación activa e taxa de actividade en Galicia 2008-2019





Fonte: INE


Ocupación

Os tres indicadores de emprego considerados (Seguridade Social, EPA e postos de traballo a tempo completo) presentan nos últimos catro anos e medio (18 trimestres consecutivos) taxas de crecemento interanuais positivas ao tempo que se reduce tanto o paro rexistrado nas oficinas de emprego como o estimado na EPA. No segundo trimestre do ano a poboación ocupada estimada pola EPA presenta unha medra interanual do 2,1% (23.000 ocupados máis), sendo este incremento do 1,9% no caso do número de afiliacións rexistradas (18.808 afiliacións máis) e do 0,9% no das contas económicas (8.811 postos de traballo equivalente a tempo completo). Se a comparación se realiza co primeiro trimestre do ano 2014, por ser o período de tempo que se pode considerar como punto de inflexión en termos de ocupación e desemprego, as afiliacións medraron en case 115.000 persoas (12,7%) e a poboación ocupada en 116.000 persoas (11,8%).

Estes datos positivos en canto á creación do emprego seguen a ser insuficientes cando se compara coa evolución seguida no conxunto do Estado, xa que Galicia continúa, un trimestre máis, con medras inferiores á media estatal nos tres indicadores mencionados: a poboación ocupada aumenta un 2,4%, o número afiliacións increméntase un 2,7%, sendo o ritmo de crecemento do número de postos de traballo equivalentes a tempo completo do 2,5%.

Tras o devandito incremento do número de afiliacións, Galicia conta no segundo trimestre de 2019 con 1.016.536 afiliacións (media dos tres primeiros meses). Este incremento rexístrase tan só

Ocupación e desemprego en Galicia 2013-2019. Taxas de variación interanuais



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

no caso das afiliacións ao réxime xeral e ao agrario, descendendo no último trimestre no réxime especial de empregados do fogar, no réxime especial do mar e fundamentalmente no número de autónomos. Tras unha medra de 22.688 afiliacións (3,1%), Galicia conta con 735.152 afiliacións ao réxime xeral, mentres que o número de autónomos descende ata os 210.843 afiliacións, 2.864 afiliacións menos que a media dos tres primeiros trimestres do ano (-1,3%). O número de persoas afiliadas ao réxime especial de empregados do fogar presenta o descenso máis acusado, cunha redución de 879 persoas, un 3,2% menos que no mesmo período do ano anterior.

Centrándonos na análise da poboación ocupada, Galicia conta con 1.098.800 ocupados no segundo trimestre do ano, 23.000 persoas máis que no mesmo período do ano anterior. A diferencia do acontecido no conxunto do Estado, a ocupación feminina presenta en Galicia un peor comportamento que a masculina, aumentando o número de mulleres ocupadas en 8.200 persoas (1,6%) e en 14.800 persoas no caso dos homes (2,6%). No mercado laboral de España, a ocupación entre as mulleres aumenta un 2,7% fronte ao 2,1% no caso dos homes.

A taxa de ocupación, que mide a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos, aumenta ata o 47,1%, case tres puntos e medio inferior á estimada no conxunto do Estado (50,5%). Comparado co resto das CC.AA., Galicia presenta unha taxa de ocupación tan só superior ás estimadas para Asturias (43,2%), Estremadura (44,1%) e Andalucía (45%), ademais de Ceuta e Melilla (43,4% e 45,8%, respectivamente).

No concernente á distribución sectorial da ocupación, o sector servizos acolle o 71,6% dos ocupados galegos (787.100 persoas), destacando pola súa importancia cuantitativa as actividades de comercio e reparación de vehículos de motor, con 172.400 persoas (15,7% do total), as actividades sanitarias e de servizos sociais, con 103.700 persoas (9,4%) e a hostalería, con aproximadamente 84.700 persoas ocupadas (7,7%). A industria manufactureira concentra un 14,9% da ocupación (163.700 persoas), entre cuxas ramas de actividade salientan as industrias de alimentación e bebidas acollen a 40.600 persoas (3,7% da ocupación galega) e a fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais, con 38.300 persoas ocupadas (3,5%). Finalmente, a construción da emprego ao 6,1% da poboación ocupada galega (67.100 persoas), en tanto que o sector agrario representa o 4,8% da ocupación total (52.300 ocupados) e as actividades da pesca e acuicultura, o 1,3% restante (14.800 persoas).


Comparado coa composición sectorial no conxunto de España, salienta o maior peso relativo tanto do sector primario galego (4,1% en España) como da industria manufactureira (12,6% no Estado). Por contra, tanto o sector servizos, que concentra o 75,5% da poboación ocupada, como a construción, que acolle ao 6,4% da ocupación, presentan unha maior importancia relativa no conxunto

do mercado laboral español.

Atendendo á distribución segundo grandes sectores, o devandito incremento interanual da ocupación de 23.000 persoas no último trimestre explícase polo comportamento experimentado no sector servizos, que volve a ser o sector de maior creación de emprego en termos absolutos (13.600 persoas máis; 1,8%), así como na industria (8.100 persoas ocupadas máis; 4,8%), e no sector primario (2.900 persoas ocupadas máis; 4,5%), o que compensa o descenso en 1.700 persoas (2,5%) no sector da construción. Entre as distintas ramas de actividade englobadas no sector terciario cómpre resaltar os incrementos da ocupación estimados tanto nas actividades profesionais, científicas e técnicas, con 10.700 persoas ocupadas máis (22,5%), como nas actividades sanitarias e de servizos sociais, con 7.900 máis (8,2%), ao contrario do acontecido no subsector do comercio, cuxa ocupación descende en 9.400 persoas respecto ao mesmo período do ano anterior (5,2%) menos).


A pesar da contracción do ritmo de crecemento do veb da industria manufactureira nos dous primeiros trimestres do ano, os datos da EPA amosan unha

Evolución da poboación ocupada en Galicia no segundo trimestre 2017-2019: distribución segundo rama de actividade. Variación interanual (miles de persoas).



mellora da ocupación. No segundo trimestre do ano, o emprego nestas ramas de actividade medra en 8.500 persoas respecto ao mesmo período do ano precedente (5,5%), impulsado pola industria de madeira e mobles, con 3.600 persoas ocupadas máis (25,7%) e a metalurxia e a fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais, con aproximadamente 2.500 persoas máis cada unha (8,5% e 6,7%, respectivamente).

Composición relativa da ocupación en Galicia no primeiro trimestre 2010, 2014, 2019: distribución segundo principais ramas de actividade



Fonte: IGE

No que atinxe á situación profesional dos ocupados, case oito de cada dez ocupados galegos no segundo trimestre do ano son traballadores por conta allea (876.200 persoas) fronte aos dous restantes (222.600 ocupados) que son traballadores por conta propia. No que aos asalariados se refire, Galicia conta con 691.400 traballadores no sector privado, o 62,9% da poboación ocupada galega, e 184.800 ocupados no sector público (16,8%). Entre os traballadores por conta propia, salientan os empresarios sen asalariados ou traballadores independentes, con 147.000 persoas, o 13,4% da poboación ocupada galega.


Comparado coa estrutura da ocupación no conxunto do Estado, Galicia segue caracterizándose por un maior peso relativo dos traballadores por conta propia, tanto daqueles que teñen asalariados ao seu cargo (4,8% en España fronte ao 6,1% en Galicia) como dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (10,4% no Estado). Doutra banda, entre os asalariados o peso relativo do sector público segue sendo superior á media española (16,1% no conxunto do Estado e 16,8% en Galicia), a diferenza do acontecido no caso do sector privado (68,1% en España e 62,9% na Comunidade Autónoma).

Atendendo á evolución da ocupación respecto ao mesmo período do ano anterior, tanto en Galicia como en España medra o número de traballadores por conta allea, se ben existe unha notable diferencia nesta evolución. Dunha banda, impulsado pola evolución do número de persoas empresarias sen asalariadas ou traballadores independentes (10.100 persoas ocupadas máis respecto ao mesmo período do ano anterior; 7,4%), o emprego por conta propia medra en Galicia no segundo trimestre do ano un 5,7% (12.100 persoas máis). No conxunto do Estado esta porcentaxe é significativamente inferior, ao situarse a medra interanual no 0,9%. Este diferencial explícase non só polo devandito comportamento do número de persoas empresarias sen asalariadas ou traballadores independentes (1,7% en España), senón tamén pola evolución dos empresarios con asalariados e as axudas familiares, que medran na Comunidade autónoma un 0,9% e 11,5%, respectivamente, o que contrasta co descenso experimentado no mercado de traballo español (-0,8% e -0,4%, respectivamente).

Por contra, o emprego asalariado medra a un ritmo inferior ao do conxunto do Estado (1,3% e 2,7%, respectivamente) por mor distinto comportamento no emprego no sector público. Mentres que na Comunidade Autónoma o emprego asalariado no ámbito público descende un 5,1% (9.900 persoas menos respecto ao ano anterior), no conxunto do Estado este medra un 2,5%. Ao mesmo tempo, os asalariados no sector privado galego medran un 3,1% (20.800 persoas), catro décimas máis que o estimado no conxunto do Estado (2,7%).

Atendendo á calidade de emprego creado no segundo trimestre de 2019, ao igual que o acontecido no mesmo período do ano anterior, o número de asalariados aumenta tanto entre aqueles que asinan contratos temporais como indefinidos. No último trimestre o número de asalariados con contratos indefinidos


Poboación ocupada en Galicia e España no segundo trimestre 2019: distribución porcentual segundo situación porcentual



Fonte: INE

aumentan significativamente por riba do que acontece cos asalariados temporais (9.400 e 1.400 persoas, respectivamente), contando Galicia con 233.700 asalariados temporais, o que representa o 26,7% dos asalariados, unha décima menos que no ano anterior. Dende o primeiro trimestre de 2014, cando se acada o nivel máis baixo, a taxa de temporalidade aumentou en 4,3 puntos.

Evolución da taxa de temporalidade en Galicia 2006-2019



Fonte: IGE

Desemprego

No que atinxe ao desemprego, o número de persoas paradas estimadas na EPA redúcese en Galicia un 19,8% en relación ao mesmo período do ano anterior, a porcentaxe máis importante dende o segundo trimestre de 2006 (-23,1%), acadando os 140.400 parados, 34.600 persoas menos que no mesmo período do ano anterior. En termos relativos, este descenso non só segue a ser superior ao estimado no conxunto do Estado, onde se reduce un 7,4%, senón que se sitúa como a terceira Comunidade Autónoma con maior redución tras Navarra (-23%) e Cantabria (-22,9%) ademais de Ceuta (-21,8%). No caso do número de persoas rexistradas no servizo público de emprego esta caída sitúase no 8,8%, acadando os 160.760 parados (15.591 persoas menos que no mesmo trimestre do ano anterior).

O bo comportamento do mercado de traballo reflíctese tamén no paulatino descenso da taxa de desemprego, que no segundo trimestre situouse no 11,3%, case tres puntos por baixo da media española (14%), o que supón a porcentaxe máis baixa dende o derradeiro trimestre de 2008 (9,6%). A diferenza do acontecido no ano anterior, o descenso da taxa de paro é superior no caso das mulleres que no dos homes, situándose finalmente a taxa de paro feminina no 12% e a masculina no 10,7%. Con todo, cómpre resaltar novamente a elevada da taxa de desemprego dos menores de 25 anos, que a pesar do seu importante descenso no segundo trimestre de 2019, se sitúa no 26,8%, seis puntos e medio menos que no mesmo período do ano anterior.

Taxa de paro en Galicia no segundo trimestre de 2010-2019


	Total	Homes	Mulleres %	Longa duración	Menores 25 anos
2010	15,5	14,7	16,4	5,1	34,7
2011	16,6	15,9	17,4	6,7	38,0
2012	20,9	21,7	20,1	9,0	45,0
2013	22,4	22,4	22,4	11,3	51,6
2014	22,3	22,0	22,6	12,0	48,4
2015	20,0	19,5	20,6	11,0	45,7
2016	17,7	17,2	18,3	9,4	43,7
2017	16,1	15,3	17,0	8,3	35,0
2018	14,0	12,8	15,2	6,5	33,3
2019	11,3	10,7	12,0	4,5	26,8

Fonte: IGE

Entre os aspectos máis positivos da evolución do mercado de traballo cómpre salientar novamente a importante redución do paro de longa duración. No segundo trimestre de 2019 atopábanse nesta situación un total de 56.000 persoas, nivel inferior xa ao acadado no primeiro trimestre de 2010 (66.700 persoas), o que supón un descenso 24.900 persoas en relación ao mesmo período do ao anterior (-30,8%). En relación ao nivel de desemprego máis elevado dende o comezo da crise, acadado no primeiro trimestre de 2014 (154.400 persoas en situación de desemprego de longa duración), Galicia experimenta unha caída de 98.400 persoas no caso do desemprego de longa duración (156.500 parados totais menos).

Con todo, este segue a ser un dos principais problemas do mercado de traballo galego xa que o 39,9% dos parados galegos son parados de longa duración. Con todo, esta é a porcentaxe máis baixa dende o primeiro trimestre de 2011 (38,6%). Ao comezo da crise económica esta porcentaxe situábase por baixo do 30%.


Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2019



Fonte: IGE

Ao igual que o acontecido no segundo trimestre do ano anterior, o devandito descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade considerados. Novamente o descenso máis acusado en termos absolutos estímase no caso das persoas de 35 a 44 anos, con 9.300 persoas paradas menos, seguido pola caída no caso das persoas de 45 a 54 anos, con 6.200 desempregados menos No segundo trimestre do ano, Galicia conta con 13.100 persoas desempregadas entre 35 e 44 anos que levan máis de dous anos en situación de desemprego (23,4% dos parados de longa duración) e 16.900 persoas no caso daquelas cunha idade comprendida entre 45 e 54 anos, o que representa o 30,2% dos parados de longa duración. Os parados de longa duración maiores de 55 anos, acadan as 13.400 persoas, 5.000 menos que no segundo trimestre do ano anterior (o 23,9% dos parados de longa duración).

Variación interanual do paro de longa duración en Galicia no segundo trimestre 2016-2019. Miles de persoas




Fonte: IGE

Xunto a esta positiva caída do paro de longa duración cómpre insistir na tendencia descendente do número de fogares galegos con todos os seus activos en situación de desemprego, así como o incremento daqueles onde todos os seus activos son ocupados. No segundo trimestre de 2019 en Galicia hai en 52.200 vivendas familiares onde todos os seus activos son parados, 49.300 menos que no primeiro trimestre de 2014, e 617.100 fogares con todos os

seus activos ocupados (116.100 fogares máis que ao comezo da recuperación). Doutra banda, o número de fogares sen preceptores descende ata as 26.400 vivendas, o nivel máis baixo nun segundo trimestre dende 2011 (24.000 fogares).

Evolución do número de fogares (vivendas familiares) onde todos os seus activos estean parados ou ocupados no segundo trimestre 2010-2019



Fonte: IGE


Fluxos de entrada no mercado de traballo

Atendendo aos fluxos de persoas no mercado de traballo, cómpre resaltar que no último ano entran na actividade un total de 61.900 persoas e saen da mesma un total de 52.600 persoas, acadando por tanto un saldo positivo. Como se reflicte no diagrama seguinte, destas persoas que entran, un total de 25.600 o fan na ocupación e 36.300 persoas son novos desempregados. No caso da ocupación, dos

1.098,8 miles de ocupados no segundo trimestre do ano 2018, o 94,3% estaba ocupado no ano anterior, entrando na ocupación 36.200 persoas dende o desemprego e ás devanditas 25.600 persoas dende a inactividade.

Doutra banda, o 58,1% da poboación parada estimada no segundo trimestre o estaba no ano anterior, entrando nesta situación de desemprego 58.800 persoas (36.300 dende a inactividade e 22.500 dende a ocupación) e saíndo do paro 66.900 persoas (36.200 cara a ocupación).

Fluxos de entrada e saída do mercado de traballo en Galicia no segundo trimestre de 2019



Fonte: IGE

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

ABANCA

ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR

Casal de Armán

civisglobal
construimos entorno

COREN

CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Domusvi
Cuidamos personas en buena compañía

Galuresa
Algo más que gasolineras

Hierros AÑÓN, S.A.

Hijos de Rivera, S.A. Corporación

INVERAVANTE

JEALSA

MAPFRE

MEGASA

Naturgy

Grupo Nogar

PÉREZ RUMBAO

ReVi

Rodiñas

Rodman

Consorcio Zona Franca Vigo

Grupo de investigación GEN
Universidade Vigo



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2019

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es